

Nunca pensou que botaría en falta a súa rutina. Erguerse canda sol, alimentar os cochos, sacar as vacas ao monte, recoller os ovos, sachar a leira, sair repartir...e de novo erguerse canda o sol, alimentar os cochos, sacar as vacas ao monte...Coma un circulo perfecto que se repetía día tras día. O deitarse cara a noite, sentíase tan cansado que se durmía nada máis tocar o leito. Agora, facía xa meses que non pegaba ollo. A noite, no seu refuxio, o máis mínimo ruído o facía erguerse, coller o seu petate e saír a correr. Coma un animal salvaxe, daba pequenas cabezadas, cun ollo sempre medio aberto. Chegaba un momento, que os seus pesadelos e a realidade convertíanse nun só, e xa non sabía que era produto da súa imaxinación, e que pertencía ao mundo exterior.

Unha noite sen lúa, Xavier e mais el durmían nun muiño abandonado que, no seu tempo, usaran os monxes de Caaveiro. Sabían que as ruínas do mosteiro atopábanse pola costa arriba. A igrexa en ruínas era o seu punto habitual de encontro. Dende alí, abiscabase o río e todos os montes da contorna, polo que se atopaban protexidos. Esa mesma tarde viran alí a Eva, a súa moza dende os trece anos. Aquela cita levaba sendo posposta desde facía semanas e xa temía que ella buscara a outro home máis formal. Sabía que era tan duro para ela como para el: os interrogatorios constantes da garda civil, as ameazas e a soidade. Era unha rapaza sinxela e honesta, e non lle sentaba ben levar unha máscara. Quixera liberalala, pero non sabía como. E dicir, sabía que a única forma posible era a súa morte. A veces fantaseaba con esa idea, as veces pasaba a súa man pola súa arma e pensaba en liberar ao mundo da súa presenza. Pero aquela noite non o momento. Pese a todo, sentíase feliz de ter visto a Eva, de tocar o seu cabelo e bicar as súas mans, de escoitar a súa voz pausada e meditada. Foi xa o marchar cando lle entregou a foto. Ia dentro dun cesto con mazás, chourizo e pan. Nela aparecía Eva, toda elegante e seria, cun fondo que simulaba un parque. Fixerao reír, imaxinala en tensión diante da cámara, cos seus ollos nerviosos agardando ese primeiro retrato da súa vida. Eva estaba indo a escola, e fixolle moita ilusión ver que deixara unha liña escrita na fotografía. Deran boa conta dos produtos do cesto, ca fame de quen non comeu quente en meses. Mentres tanto el pensaba en que, cando todo aquilo rematara, tamén el podería ir a escola a aprender a leer e escribir. Enton deixáranse levar por un sono tranquilo, ca felicidade de quen está namorado e ten o bandullo cheo.

Ainda tiña a fotografía na man, cando sentiu unha patada moi forte nas costas. Xavier se movía convulsionadamente, mentres dúas figuras escuras o aplastaban. Os berros perforaban os sons da noite. Enton sentiu un golpe seco na cabeza e perdeu totalmente a visión. Sentiu como a fotografía esbaraba das súas mans e súbitamente volveu en sí. Conseguiu ceibarse das mans que xa o arrastraban e correu cara a escuridade. Entre os berros do seu compañeiro, escoitou unha voz grave e clara “Sabemos onde vive. Xa sabes o que lle espera”. O escoitalo esbarou e caeu nun barrizal. Coma no cine, unha secuencia se reproducía na súa mente. Alí estaba Eva; apartando o mechón de pelo que sempre lle tapaba a cara, estirando o pescozo da súa camisa e mirando ao fronte intentando parecer segura. O erguerse entre a lama, viu claramente os seus ollos dilatarse ante a escuridade do estudio. E cando se xirou cara os seus agresores, escoitou o click da cámara fotográfica. Unha bala atravesou a súa fronte. Antes de caer ao chan xa estaba morto.

É un día soleado nas fragas do Eume. Un grupo de arqueólogos traballan nun muiño, nas inmediacións do mosteiro de Caaveiro. Aos turistas que preguntan, din que están buscando os restos duns rapaces que foron asasinados alí a comezos da guerra civil. Din que polo agora non hai sorte. Nunha bandexa de plástico, hai uns restos de vidro, uns botóns de madeira e unha fotografía na que apenas se vislumbra unha sombra. No outro lado da foto, unha letra en cursiva reza “Algún día casaremos aquí, no mosteiro de Caaveiro”